



BOP

SÁBADO, 8 DE AGOSTO DE 2020

N.º 181

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2020 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2020.

O importe total do padrón ascende a ONCE MIL NOVECENTOS TRINTA E CATRO EUROS E CORENTA E TRES CÉNTIMOS DE EURO (11.934,43€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 20 de agosto de 2020 ao 20 de outubro de 2020** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 1º trimestre 2020.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 603

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 8.600,70€; IVE: 860,07€; Canon Xunta Cota fixa: 1.321,92€; Canon Xunta Cota Variable: 1.151,74€, Total importe padrón: 11.934,43€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 31 de xullo de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1712

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xullo de 2020 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó segundo trimestre do exercicio 2020.

O importe total do padrón ascende a ONCE MIL OITOCENTOS SEIS EUROS E SETENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (11.806,75€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 22 de agosto de 2020 ao 22 de outubro**

de 2020 ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 2º trimestre 2020.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 603

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 8.463,10€; IVE: 846,31€; Canon Xunta Cota fixa: 1.328,10€; Canon Xunta Cota Variable: 1.169,24€, Total importe padrón: 11.806,75€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 31 de xullo de 2020.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1713

FOZ

Anuncio

Aprobación inicial Orzamento Xeral 2020.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo do 2020, ó Proxecto de Orzamento Xeral; Bases de Execución; o cadro de persoal funcionario e laboral e demais documentación que se acompaña, do Concello de Foz para o exercicio económico do 2020.

De acordo co establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, e na Intervención Xeral do Concello para presenta-las reclamacións que consideren oportunas, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Se ó termino do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, anuncio de aprobación definitiva resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o artigo 169.3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Foz, 3 de agosto do 2020.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 1736

LUGO

*Anuncio***ANUNCIO DE COBRANZA**

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de agosto e ata o 20 de outubro deste ano, ambos inclusive, pónse ó cobro, en prazo voluntario, o padrón de recibos correspondente ó ano 2020, dos tributos que de seguido se relacionan

- **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**
- **Taxa por Aproveitamentos Especiais da Vía Pública (Entrada de Vehículos- Vaos)**

Para o cobramento dos citados tributos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 6 de outubro de 2020

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Correos, Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell . No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advirtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de Novembro de 2020, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo elo sen perxuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 30 de xullo de 2020.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA, ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1715

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día quince de xullo de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 15/306 **CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.b, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS**, que a continuación e literalmente se transcribe:

“CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A INCLUSIÓN NA BOLSA DE TRABALLO MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS RELACIONADAS.

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Convócanse para a formación de bolsas de traballo nas seguintes categorías profesionais:

- **TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL.** Requisitos: Título de Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a ou Título universitario de grao e máster ou equivalente.
- **TÉCNICO/A MEDIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL** Requisitos: Título de Enxeñeiro/a técnico, Diplomado/a universitario/a, Arquitecto/a técnico ou Título universitario de grao ou equivalente.
- **ADMINISTRATIVO/A.** Requisitos: Título de bacharel ou Técnico ou FP de 2º grao ou equivalente.
- **AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.** Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- **ORDENANZA.** Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- **CELADOR/A CEIP.** Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- **OFICIAL CONDUTOR.** Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Carné de conducir B.
- **OFICIAL CONDUTOR MAQUINISTA PADEXEIRO.** Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Carné de conducir C+E..

- OFICIAL CONDUTOR MECÁNICO. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Carné de conducir B.
- MONITOR/A EDUCACIÓN VIAL. Requisitos: Título de bacharel ou Técnico ou FP de 2º grao ou equivalente. Curso Monitor de Educación Vial
- ARQUITECTO/A. Requisitos: Título de Arquitecto/a ou Título universitario de grao e máster ou equivalente
- ARQUITECTO/A TÉCNICO. Requisitos: Título de Arquitecto/a Técnico ou grao equivalente
- DELINEANTE. Requisitos: Técnico superior en proxectos de edificación ou equivalente.
- ENXEÑEIRO/A DE MONTES. Requisitos: Título de Enxeñeiro/a de Montes ou Título universitario de grao e máster ou equivalente
- ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL. Requisitos: Título de Enxeñeiro/a Industrial ou Título universitario de grao e máster ou equivalente
- ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. Requisitos: Título de Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos ou Título universitario de grao e máster ou equivalente
- ENXEÑEIRO/A TÉCNICO AGRÍCOLA. Requisitos: Título de Enxeñeiro/a Técnico Agrícola ou grao equivalente
- ENXEÑEIRO/A TÉCNICO INDUSTRIAL. Requisitos: Título de Enxeñeiro/a Técnico Industrial ou grao equivalente
- ENXEÑEIRO/A TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS. Requisitos: Título de Enxeñeiro/a Técnico de Obras Públicas ou grao equivalente
- MESTRE/A ELECTRICISTA. Requisitos: Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas iu equivalente.
- OFICIAL ELECTRICISTA. Requisitos: Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas iu equivalente.
- OFICIAL ALBANEL. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- OPERARIO OBRAS. Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- TRABALLADOR/A SOCIAL. Requisitos: Título de Diplomado en Traballo Social ou Título universitario de grao ou equivalente.
- EDUCADOR/A SOCIAL. Requisitos: Título de Diplomado en Educación Social ou Título universitario de grao ou equivalente.
- ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL. Requisitos: Título de diplomado en traballo social ou asistente social, educación social ou certificado de habilitación como educador/a social ou Título universitario de grao ou equivalente
- OFICIAL COCIÑEIRO. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- AXUDANTE COCIÑA E LIMPEZA. Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- TRABALLADORA DE FAMILIA/AUXILIAR DE FOGAR. Requisitos: Certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas no domicilio.
- TÉCNICO/A EDUCACIÓN INFANTIL. Requisitos: Técnico Superior en Educación Infantil ou equivalente
- AUXILIAR DE BIBLIOTECA. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- MÚSICOS NAS DISTINTAS ESPECIALIDADES
 - Especialidade de Fruta.
 - Especialidade de Clarinete.
 - Especialidade de Saxofón.
 - Especialidade de Fagote.
 - Especialidade de Trompa.
 - Especialidade de Trompeta.
 - Especialidade de Trombón.
 - Especialidade de Bombardino - Tuba.
 - Especialidade de Piano.
 - Especialidade de Gaita.
 - Especialidade de Percusión.

Titulación requerida: Título de grado medio (plan 66), grado profesional ou grado superior de Música da especialidade a que concurra

- CELADOR/A DEPORTES. Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- OFICIAL LECTOR. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- OFICIAL FONTANEIRO. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- OPERARIO REDE AUGAS. Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- ANALISTA PROGRAMADOR. Requisitos: Diplomado universitario en Enxeñería Informática ou título universitario de grao equivalente.
- TÉCNICO ESPECIALISTA TIC. Requisitos: técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Red ou equivalente.
- OFICIAL SEPULTUREIRO. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- OPERARIO CEMITERIO. Requisitos: Non se esixe titulación prevista no sistema educativo.
- OFICIAL VIXIANTE RECADADOR. Requisitos: Graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

II.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia, conforme ao modelo que figura como anexo I, xuntando a documentación que acredite que reúne os requisitos propios da categoría, grupo, escala ou especialidade en que solicita inscribirse.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Lugo.

III.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A valoración das solicitudes presentadas para a inclusión na Bolsa de traballo se efectuará con base aos seguintes criterios:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,050 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca noutra Administración Pública e referidos ós últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación académica superior, ata un máximo de 1 punto:

No caso de dispoñer de titulacións académicas superiores ás esixidas na convocatoria e sempre e cando a mesma teña relación directa e inmediata coa praza que se solicita, se valorará a mesma coa puntuación de 1 punto.

c) Formación, ata un máximo de 2 puntos:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Superación de probas selectivas en convocatorias públicas, ata un máximo de 1 punto:

Se valorará neste apartado a superación de probas selectivas en convocatorias de oposicións efectuadas por Administracións Públicas con destino a cubrir prazas en propiedade sempre e cando as mesmas correspondan á mesma subescala de funcionarios e grupo igual ou superior ao que se solicita a inclusión así como no caso de persoal laboral a categoría profesional igual ou superior á que se acode.

Por cada proba de oposición superada, a razón de 0,20 puntos.

A este efecto se entende por proba de oposición cada unha das que consta a convocatoria, debendo acreditarse este apartado mediante certificación expedida polo ente que efectuou a convocatoria que se alega.

e) Inscripción como demandantes de emprego, ata un máximo de 1 punto:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1 punto: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos

f) Coñecemento da lingua galega, cun máximo de 1 punto.**IV.- VALORACIÓN.**

A Comisión de selección, unha vez pechado o prazo de admisión de instancias, procederá, no prazo de 15 días hábiles, á comprobación dos requisitos esixidos polos aspirantes e a baremación das solicitudes presentadas, que terá carácter provisional.

Esta Comisión publicará no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Lugo a lista de solicitantes admitidos e excluídos coa puntuación obtida nese prazo.

Os interesados dispoñerán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación das listas provisionais para subsanar ou formular alegacións sobre os datos contidos nas mesmas. As reclamacións non poderán comportar a invocación nin acreditación de outros méritos distintos dos alegados na solicitude. A comisión de valoración non terá en conta ningún documento presentado no prazo de subsanación que supoña ampliación de méritos.

A comisión de selección procederá no prazo de 10 días hábiles seguintes á finalización do período de exposición pública a analizar as alegacións presentadas e a efectuar a proposta definitiva de puntuación.

V.- APROBACIÓN.

De conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección, o/a titular da área ou concellería delegada de recursos humanos, aprobará, no prazo de 5 días hábiles, a Bolsa de Trballo comprensiva das persoas incluídas na mesma, da puntuación obtida e da orde de chamamento no seu caso, a cal se expoñerá no taboleiro de anuncios e páxina web sen que se efectúe notificación persoal a ningún dos interesados

VI.- ACTUALIZACIÓN.

As solicitudes de nova incorporación ou revisión de puntuacións, se poderán presentar de forma permanente e en calquera data.

As solicitudes presentadas ata o 30 de setembro, se revisarán durante o mes de outubro seguinte e os resultados das revisións das bolsas tras a súa aprobación se farán públicas na primeira quincena do mes de outubro iniciándose a actualización no ano 2021 e seguintes.

VII.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.

PRESIDENTA: dona Isabel Villamor Cabado, Xefa de Servizo de Desenvolvemento Local do Excmo. Concello de Lugo. **Suplente:** dona Cruz Gutiérrez Garrido, Xefa de Sección do Servizo de Fomento do Excmo. Concello de Lugo.

VOGAIS: dona María Baza Poudereux, Xefa de Servizo de Intervención do Excmo Concello de Lugo. Suplente: Don Manuel Vázquez Fernández, Interventor Xeral do Excmo. Concello de Lugo. Suplente:

- César Castiñeira Muíña, Axente de Desenvolvemento Local do Excmo. Concello de Lugo. Suplente: José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Excmo. Concello de Lugo.

- Don Juan Ignacio Márquez, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Facenda Local do Excmo Concello de Lugo. Suplente: Don Fernando Prado Rodríguez, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Facenda Local do Excmo Concello de Lugo.

SECRETARIA: dona María García Ferro, Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo. Suplente: don Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo.”

Lugo, 30 de xullo de 2020.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

SOLICITUDE PARA BOLSA DE EMPREGO DO EXCMA. CONCELLO DE LUGO

POSTO AO QUE SE OPTA:

(Se algún dos interesados opta a varios postos, por favor fágao en solicitudes diferentes)

DATOS PERSOAIS			
Apelidos e Nome:			
Domicilio:			
C.P.:		Localidade:	
Provincia / País:			
DNI / CIF:		Data de nacemento:	
Teléfono Fixo:			
Teléfono Móbil:			
e-mail:			

FORMACIÓN	
Titulación académica:	

CURSOS RELACIONADOS CO POSTO:				
Denominación do curso	Administración ou órgano competente	Nº de horas	Data de impartición	Puntos por Méritos (A cubrir pola Admin.)

EXPERIENCIA LABORAL:					
Administración Pública ou empresa onde traballou	Posto desempeñado	Data Inicio	Data Fin	Tempo Total (Meses)	Puntos por Méritos (A cubrir pola Admin.)

SUPERACIÓN DE PROBAS						
Adm. Pública convocante	Praza	Subescala	Grupo	Proba	Nota	Puntos por Méritos (A cubrir pola Admin.)

COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA		
Curso	Órgano convocante	Puntos por Méritos (A cubrir pola Admin.)

INSCRICIÓN COMO DEMANDANTES DE EMPREGO		
Data de inicio	Data de fin	Puntos por Méritos (A cubrir pola Admin.)

MOI IMPORTANTE: TODOS OS DATOS TERÁN QUE ACREDITARSE DOCUMENTALMENTE
Documentación OBRIGATORIA que acompañará a presente solicitude:
<ul style="list-style-type: none"> • Titulación académica: Copia auténtica do título académico. • Formación ou idioma en galego: Copia auténtica de diplomas ou cursos • Experiencia laboral: Certificación de servizos expedida pola Admón. Pública correspondente ou copia auténtica ou vida laboral e copia auténtica do contrato de traballo. • Certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	Concello de Lugo
Finalidade	Xestión e publicación de ofertas de emprego público de persoal da entidade local.
Lexitimación	Art.6.1 e) RCPD Misión en interese público ou poderes públicos conferidos ao responsable. Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes na materia de Réxime Local.
Destinatarios	INEM;
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, oposición e portabilidade dos datos ; así mesmo como a posta da reclamación á autoridade de control.
Procedencia	Do propio interesado ou do seu representante legal.
Lugar exercicio dereitos:	Praza Maior, nº1 27001 Lugo dpd.lugo@seguridadinformación.com

1 Para información adicional, consulte o reverso de esta p gina.

OBSERVACIONES:

En Lugo, a de de 201

Fdo.:

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS

Para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, proporciónaselle a seguinte información en relación co tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliada na Praza Maior, nº1 27001 Lugo. Para calquera información adicional, pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@ concellodelugo.org
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformación.com

FINALIDADE

No Concello de Lugo tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas en inscribirse na bolsa de emprego. Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento nunha misión en interese público ou poderes públicos conferidos ao responsable e no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cubrición supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIAS/OS

Está prevista a comunicación de datos a terceiros como o INEM, pero non está prevista a transferencia internacional de datos.

DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, estamos a tratar datos persoais que lles concirnan ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, as e os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as e os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, a ou o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que lle facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito fosen facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Lugo de maneira automatizada (medios informáticos).

Así mesmo, a ou o interesado terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control.

R. 1716

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2020 adoptou o acordo 9/286 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA O ANO 2020, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:**

PRIMEIRO.- Aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2020, co número de prazas de persoal funcionario que se relacionan:

PRAZAS POR PROMOCIÓN INTERNA:

1 praza INSPECTOR/A PRINCIPAL DE POLICÍA LOCAL, da Escala de Administración Especial, Escala Executiva, categoría inspector principal, grupo A2.

1 praza INSPECTOR/A DA POLICÍA LOCAL, da Escala de Administración Especial, Escala Executiva, categoría inspector, grupo A2.

3 prazas OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, da Escala de Administración Especial, servizos especiais, policía local, grupo C1.

1 praza de DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL, da Escala de Administración Especial, Técnico Medio, A2.

1 praza de TÉCNICO/A, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica A1.

1 praza de TÉCNICO/A MEDIO, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, A2.

5 prazas de ADMINISTRATIVOS/AS, da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa C1.

1 praza de ENCARGADO/A DE EDUCACIÓN VIAL, Escala de Administración Especial, Servizos Especiais, Cometidos Especiais C1.

1 praza de ENCARGADO/A DE MERCADOS, Escala de Administración Especial, Servizos Especiais, Cometidos Especiais, C1.

1 praza de OFICIAL ALBANEL, Escala de Administración Especial, Servizos Especiais, Persoal de Oficios, C2.

1 praza de OFICIAL FONTANEIRO, Escala de Administración Especial, Servizos Especiais, Persoal de Oficios, C2.

1 praza de OFICIAL SEPULTUREIRO, Escala de Administración Especial, Servizos Especiais, Persoal de Oficios, C2.

PRAZAS POR OPOSICIÓN LIBRE

1 praza de TÉCNICO/A, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Artes e Humanidades), A1.

2 prazas de TÉCNICO/A, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica A1.

2 prazas de TÉCNICO/A MEDIO, da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, A2. 1 praza reservada a quenda de persoas con discapacidade.

1 praza de ARQUIVEIRO/A, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Superior, A1.

2 prazas de TRABALLADORES/AS SOCIAIS, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, A2.

1 praza de Enxeñeiro/a Técnico Agrícola, da Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio.

1 praza de OFICIAL SEPULTUREIRO da Escala de Administración Especial, persoal de oficios, C2

1 praza de OPERARIO DE CEMITERIO, da Escala de Administración Especial, persoal de oficios, AP reservada a persoas con discapacidade.

1 praza de ORDENANZA, da Escala de Administración Xeral, Subalterno, AP, reservada a persoas con discapacidade intelectual.

21 prazas na CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL, Administración Especial, Escala básica, categoría policía, grupo C1. 16 prazas por oposición libre e 5 prazas mediante concurso de mobilidade e alternativamemente. No caso de non cubrirse, mediante o procedemento

6 prazas de BOMBEIRO CONDUTOR, Administración Especial, Extinción de Incendios.

SEGUNDO.- O presente acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 22 de xullo de 2020.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada do Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1717

Anuncio

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2020, adoptouse o acordo nº 4/77 seguinte:

“Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (3/2020) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO II	Importe
	13500.22699	Agrupación Voluntarios Protec.Civil	10.000,00 €

	15300.22799	Proxectos Servizos Profesionais	44.000,00 €
	16100.21000	Rep., mant. e conserv. abastecemento auga potable	150.000,00 €
	16100.22799	Xestión Servizo E.T.A.P.	218.526,59 €
	16400.21000	Arranxos no Cemiterio Municipal	60.000,00 €
	16510.21300	Material servizos eléctromecánicos	25.000,00 €
	16510.22100	Iluminación Pública Urbán. Enerxía Eléctrica	500.000,00 €
	17000.22799	Traballos realiz/ p/outras empresas Servizo de Medio Ambiente	25.000,00 €
	23182.22799	Servizo Axuda no Fogar	210.665,92 €
	"	Servizo Xantar no Fogar	35.150,00 €
	32000.22799	Proxectos pedagóxicos	20.000,00 €
	33000.22699	Especial Decoración Nadal Actividades culturais	50.000,00 € 350.000,00 €
	43120.22699	Actividades Praza Abastos e Mercado	20.000,00 €
	43200.22699	Actividades de promoción turística	100.000,00 €
	44000.22699	Campaña promoción bus urbano e uso da bicicleta	50.000,00 €
	45910.22799	Traballos realizados p/outras Empresas. Zona Rural	20.000,00 €
	92002.22200	Servizos de Telecomunicacións	77.500,00 €
	92400.22699	Actividades participativas nos barrios	60.000,00 €
	93301.22799	Serv. Extraordinario Limpeza e desinfección edificios municipais COVID	200.000,00 €
		TOTAL	2.225.842,51 €

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
19RT00017	13300.62700	Peonalización Rda. Muralla. Tramo a Mosqueira	200.000,00 €
20RT00014	15300.61900	Obra infraestruturas entorno Fontiñas - San Eufrasio	430.000,00 €
20RT00015	"	Rúa Montero Ríos e influencia	300.000,00 €
20RT00017	"	Plan polígonos Ceao - As Gándaras	200.000,00 €
20RT00018	"	Renovación pavimentación barrio Sagrado Corazon	110.000,00 €

20RT00019	“	Renovación pavimentación barrio Recatelo	280.000,00 €
20RT00020	“	Pavimentación e beirarrúa República Argentina	100.000,00 €
20RT00021	“	Pavimentacións barrios extrarradio	200.000,00 €
20RT00022	“	Pavimentacións barrios zona norte	300.000,00 €
20RT00023	“	Pavimentacións barrios zona sur	300.000,00 €
20RT00024	“	Mobiliario urbano	100.000,00 €
20RT00025	16510.61900	Reparación obra civil iluminación zona norte	50.000,00 €
20RT00026	“	Reparación obra civil iluminación zona sur	50.000,00 €
20RT00027	“	Alumeado aparcadoiro CEI-Nodus	7.000,00 €
20RT00028	“	Iluminación travesías polígono da Paz	85.000,00 €
20RT00029	“	Obras electricidade planta baixa edificio Seminario	48.000,00 €
20RT00030	“	Iluminación rúa Soto Freire	20.000,00 €
20RT00031	“	Iluminación zona Residencia	328.000,00 €
20RT00032		Iluminación Camiño Real e entorno	125.000,00 €
20RT00033	16510.62300	Material alumeado e iluminarias varias	40.000,00 €
20RT00034	23150.63200	Obras de reforma nos Centros Municipais de Servizos Sociais	80.000,00 €
20RT00035	32000.63200	Obra edificio anexo ao CEIP Albeiros	50.000,00 €
20RT00036	32384.63200	Obra escola infantil San Fiz	70.000,00 €
20RT00037	33381.62600	Actualización 15tecnolóxica de contidos expositivos do MIHL	60.000,00 €
20RT00038	93301.63200	Obras urbanizac e mellora enerxética das instalac. mun. no Casco Histórico	160.000,00 €
		TOTAL	3.693.000,00

TOTAL ESTADO DE GASTOS: 5.918.842,51 €

ESTADO DE INGRESOS: Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	5.918.842,51 €

O acordo expónse ao público na Intervención Xeral Municipal, por un prazo de quince días hábiles, computando o devandito prazo a partires do día seguinte á inserción do presente edicto no B.O.P., todo elo aos efectos de reclamacións, que se presentarán ante o Pleno municipal

En Lugo, 4 de agosto de 2020.- A Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, Lara Méndez.

R. 1768

MONDOÑEDO*Anuncio***CONVOCATORIA DE ACTO DE PAGO E OCUPACIÓN**

Manuel Ángel Otero Legide, Alcalde do Concello de Mondoñedo, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación ao EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN Nº 222/2019, relativo á obra “AMPLIACIÓN DE VIAL DE ACCESO DESDE LA LU – 124 AL BARRIO DE COTO DE OTERO” expoño:

Unha vez fixado por mutuo acordo o xustiprezo expropiatorio da porción de 267m2 da parcela 284 do polígono 2, de conformidade co disposto no artigo 48 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, convócase aos propietarios do ben expropiado a que, o vindeiro día 19 de agosto de 2020, ás 12:00 horas, comparezan na Secretaría do Concello de Mondoñedo para realizar os actos de pago do xustiprezo e de ocupación da porción expropiada.

O pago realizarase mediante cheque nominativo, para o cal os propietarios deberán ir provistos do documento nacional de identidade ou pasaporte.

No suposto de que comparezan os caushabientes dos propietarios identificados no expediente expropiatorio, deberán exhibir os correspondentes títulos de propiedade.

No suposto de non comparecer no dito acto procederase á consignación do xustiprezo na Caja General de Depósitos e a ocupar a porción expropiada.

En Mondoñedo, 31 de xullo de 2020.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1754

OUTEIRO DE REI*Anuncio***Aprobación inicial orzamento municipal exercicio 2020**

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Outeiro de Rei, en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2020, o orzamento municipal para o exercicio 2020, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Outeiro de Rei, 31 de xullo de 2020.- O ALCALDE, José Pardo Lombao.

R. 1718

VILALBA*Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), expónse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, a *modificación da ordenanza fiscal n.º 21, reguladora do prezo público pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal*, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **30/07/2020**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 31 de xullo de 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1722

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020**

Conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85 de 2 de abril, e 169 do RD lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encontrase exposto ó público na secretaría e na sede electrónica da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense (<https://mancomunidademarinalucense.sedelectronica.es>), a efectos de reclamacións, o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2020 aprobado inicialmente polo Pleno da Mancomunidade do 29 de xullo de 2020.

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do RD lexislativo 2/2004, a que se fixo referencia, e polos motivos taxativamente numerados no artigo 170.2, poderán presentar reclamacións nos quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Barreiros, 31 de xullo de 2020.- Presidente, Francisco Cajoto Caseiro.

R. 1723

*Anuncio***APROBACIÓN CONTA XERAL**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas extraordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2020, exponse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2019, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Barreiros, 31 de xullo de 2020.- Presidente, Francisco Cajoto Caseiro.

R. 1724

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01252

PETICIONARIO: Álvaro Díaz Expósito

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Fontepresa

LOCALIDAD: Fontepresa Quende (Santiago)

TÉRMINO MUNICIPAL: Abadín

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego de Gontán/Gontán

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Fontepresa" - "Álvaro Díaz Expósito", con un volumen máximo anual de 262,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que

los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 23 de julio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1726

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01251

PETICIONARIO: Darío Paz Paz

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Candabade, 5

LOCALIDAD: Candabade, 5 Quende (Santiago)

TÉR. MUNICIPAL: Abadín

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Gontán/Gontán

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Candabade, 5" - "Darío Paz Paz", con un volumen máximo anual de 328,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 23 de julio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1727

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01250

PETICIONARIO: María del Carmen Paz Otero

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Candabade, 7

LOCALIDAD: Candabade, 7 Quende (Santiago)

TÉR. MUNICIPAL: Abadín

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego de Crispín/Gontán

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Candabade, 7" – "María del Carmen Paz Otero", con un volumen máximo anual de 262,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 23 de julio de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1728

h